

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

*EXTRACTO da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2022 para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (código de procedemento PR949A).*

BDNS (Identif.): 655361.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde os clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar a segunda convocatoria do ano 2022 de subvencións da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (código de procedemento PR949A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria de subvencións da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos, son as aprobadas a través da Resolución do 13 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR949A), que se publicou no DOG núm. 3, do 5 de xaneiro.



**Cuarto. *Importe***

Para esta segunda convocatoria do ano 2022 o crédito orzamentario para financiar estas axudas é de 3.914.387 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.780.1, convocatoria para equipamento deportivo ás entidades deportivas, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

**Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022

Elena Muñoz Fonteriz  
Secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería  
de Presidencia, Xustiza e Deportes

